

Nota informativa sobre o réxime transitorio aplicable aos contratos de duración determinada previsto na disposición transitoria terceira do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

O Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo establece na disposición transitoria terceira o réxime transitorio aplicable aos contratos por obra e servizo determinado celebrados antes do 31 de decembro de 2021 nestes termos:

“1. Os contratos para obra e servizo determinado baseados no previsto no artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, segundo a redacción vixente antes da entrada en vigor do apartado tres do artigo primeiro, celebrados antes do 31 de decembro de 2021, así como os contratos fixos de obra subscritos en virtude do disposto no artigo 24 do VI Convenio Estatal da Construción, que estean vixentes na citada data, resultarán aplicables ata a súa duración máxima, nos termos recollidos nos citados preceptos.

Así mesmo, os contratos por obra ou servizo determinados celebrados polas Administracións Públicas e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, previstos en normas con rango de lei, vinculados a un proxecto específico de investigación ou de investimento de duración superior a tres anos e que estean vixentes na data sinalada no parágrafo anterior, manterán a súa vixencia ata o cumprimento da duración fixada de acordo coa súa normativa de aplicación, co límite máximo de tres anos contados a partir da citada data”

Tendo en conta esta disposición, e mentres non se desenvolvan ou aclaren algunhas cuestións formuladas ante os Ministerios correspondentes dende a CRUE, esta Xerencia informa:

Primeiro.- Os contratos para obra ou servizo determinado baseados no previsto no artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, celebrados e vixentes antes do 31 de decembro de 2021 resultarán aplicables ata a súa duración máxima, nos termos recollidos no citado precepto,

podendo ser obxecto de prórroga ata completar, de ser o caso, a devandita duración máxima de tres anos.

Segundo.- Os contratos para obra ou servizo determinado vinculados a un proxecto específico de investigación ou de investimento de duración superior a 3 anos, celebrados e vixentes antes do 31 de decembro de 2021, manterán a súa vixencia ata a duración fixada de conformidade coa súa normativa de aplicación co límite máximo de tres anos. Estes contratos poden ser obxecto de prórroga ata a duración máxima do proxecto do que traen causa, sen exceder en ningún caso do 30 de decembro de 2024.

Vigo, 4 de marzo de 2022

A xerenta

Raquel M. Souto García

(documento asinado dixitalmente)